# ANUNCIO

Por Resolución da alcaldía-pedanía de data 22.12.2022 aprobáronse as Bases xerais e específicas reguladoras do proceso de estabilización de emprego temporal da Entidade Local Menor de Bembrive, co seguinte contido literal:

*“**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA-PEDANÍA***

*Visto o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no emprego público.*

*Vista a oferta de emprego público da Entidade Local Menor de Bembrive para a estabilización do emprego temporal aprobada mediante Resolución da alcaldía-pedanía de data 13.05.2022, publicada no BOPPO núm. 97 de 23.05.2022 e no DOG núm. 116 de 17.06.2022.*

*Visto o Acordado pola mesa de negociación de data 21.12.2022.*

Considerando o disposto na memoria de Alcaldía-Pedanía con data 22.12.2022.

*Tendo en conta o establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 61.1 s) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes,*

***RESOLVO:***

*1.- Aprobar as Bases xerais e específicas reguladoras do proceso de estabilizacuión do persoal da Entidade Local Menor de Bembrive, co seguinte contido literal:*

***“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE ADSCRITA A PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE XORNADA COMPLETA E O GRUPO C, SUBGRUPO C1 COA DENOMINACIÓN “ADMINISTRATIVO” INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.***



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

***PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.***

*1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso nunha praza estrutural vacante da Entidade Local Menor de Bembrive (ELMB) adscrita a persoal funcionario de carreira, grupo C, subgrupo C1, denominada "Administrativo" ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior ao 1 de xaneiro de 2016 (04.01.2005).*

*As retribucións correspondentes ao grupo C1 son as fixadas segundo os acordos adoptados pola Corporación ao respecto, e concretados na documentación orzamentaria.*

*A praza atópase incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Alcaldía Pedanía da ELMB mediante Resolución data 13.05.2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 97 de 23.05.2022 e DOG núm. 116 de 17.06.2022.*

*2. Son, entre outras, tarefas propias da praza ("Administrativo") as seguintes: atención e información ao público, elaboración e rexistro de comunicación, notificacións e outros documentos, xestión de correos electrónicos, tramitación de subvencións, xestión de web e sede electrónica e labor técnica de apoio á Alcaldía Pedanía e ás diferentes vocalías que o requiran.*

*3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Así mesmo serán de aplicación os criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización no emprego público local en Galicia asinados pola FEGAMP e os sindicatos CC.OO., CIG e UGT.*

*Subsidiariamente será de aplicación a normativa estatal e autonómica de Galicia, relativa aos procesos de selección de persoal, en todo aquilo que non contraveña o establecido na Lei 20/2021 e no Acordo FEGAMP-Sindicatos.*

*No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*4. As presentes Bases publicaranse no BOP de Pontevedra e na páxina web e/ou Sede Electrónica da ELM de Bembrive www.bembrive.org . O anuncio da*



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e iniciará o prazo de presentación de solicitudes.*

*Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na páxina web e/ou Sede Electrónica da ELMB, www.bembrive.org .*

***SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.***

*As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:*

*a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo, a titulación de bacharelato, formación profesional de segundo grao, técnico superior, ou equivalente.*

*No caso de titulacións obtidas no estranxeiro estarase en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.*

*b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.*

*c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.*

*d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.*

*e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.*

*No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

*f) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O aspirante que, consecuencia do proceso de selección, obtivera praza e non acreditara a posesión do Título participará no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica a fin de obter a debida capacitación.*

***TERCEIRA. Solicitudes de participación. Prazo de presentación. Documentación.***

*1. Solicitudes de participación. Cumprimentaranse no modelo sinalado no Anexo I destas Bases e presentaranse no Rexistro da ELM de Bembrive localizado na Praza*



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*Mosteiro núm. 1, Bembrive, C.P. 36313 Vigo, ou nas formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

*2. Prazo de presentación das solicitudes: 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no BOE "Boletín Oficial del Estado".*

*3. As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:*

*- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.*

*- Copia da titulación esixida ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.*

*- Copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega.*

*- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.*

***CUARTA. Admisión de aspirantes.***

*1. Concluído o prazo de presentación a Alcaldía Pedanía da ELM de Bembrive, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución (que se publicara na web e/ou no Portal de Transparencia da ELMB) poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións serán resoltas na Resolución da alcaldía pedanía na que se aproben as listas definitivas que publicarase na páxina web da ELMB. Os aspirantes que no prazo sinalado non subsanaran o defecto que motivou a exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fóra do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no concurso.*

*2. No suposto de non presentarse reclamacións, o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia constará na Resolución de aprobación do listado provisional.*

*3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:*

*- Composición do Tribunal.*

*- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.*

*Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na web ou Portal de Transparencia da ELMB, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.*

***QUINTA. Tribunal cualificador.***



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*1. Integrarase por cinco membros; designarase o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:*

*Presidencia: Designada pola Alcaldía Pedanía da ELM de Bembrive entre persoal do Concello de Vigo e/ou outras Entidades Locais da contorna e/ou da Deputación de Pontevedra.*

*Vogalías: Tres vogais, designados pola Alcaldía Pedanía da ELM de Bembrive entre persoal do Concello de Vigo e/ou outras Entidades Locais da contorna e/ou da Deputación de Pontevedra.*

*Secretaría: Designada pola Alcaldía Pedanía da ELM de Bembrive entre persoal do Concello de Vigo e/ou outras Entidades Locais da contorna e/ou da Deputación de Pontevedra.*

*Os membros do Tribunal posuirán unha titulación igual ou superior á da praza convocada. As designacións axustaranse á composición equilibrada de mulleres e homes.*

*Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións e adopción de acordos requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, polo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.*

*2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015*

*3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que puideran xurdir na aplicación das Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.*

*4. O Tribunal poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.*

*5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía Pedanía da ELM de Bembrive.*



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.*

*6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á praza convocada conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.*

***SEXTA. Sistema de selección. Valoración.***

*1.- O sistema selectivo será o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:*

*Puntuación máxima: 100 puntos.*

*EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima: 75 puntos):*

*Servizos efectivos prestados en prazas de administrativo do subgrupo C1 ou do grupo de cotización (grupo profesional) 5 (oficial administrativo), relacionados directamente coas tarefas propias de Administrativo que as persoas aspirantes deberán acreditar dentro do prazo de presentación de solicitudes:*

*a) Servizos prestados nunha Entidade Local de Ámbito Territorial Inferior ao Municipal con vinculación temporal ou como funcionario interino: 0,34 puntos por cada mes completo.*

*b) Servizos prestados noutro tipo de Entidades Locais distintas ás anteriores con vinculación temporal ou como funcionario interino: 0,14 puntos por cada mes completo.*

*c) Servizos prestados noutras Administracións Públicas distintas ás anteriores anteriores con vinculación temporal ou como funcionario interino: 0,07 puntos por cada mes completo.*

*d) Servizos prestados nos restantes organismos do sector público con vinculación temporal ou como funcionario interino: 0,03 puntos por cada mes completo.*

*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación orixinal do órgano de xestión da Administración Pública competente. Naquel caso que o mérito que se alega é a prestación de servizos na Entidade Local Menor de Bembrive, bastará con facelo constar no autobaremo indicando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos.*

*FORMACIÓN (Puntuación máxima: 25 puntos):*

*Cursos realizados nos últimos cinco anos relacionados co posto de traballo coas entidades locais, promovidos pola Administración Pública ou debidamente homologados por esta, acreditados mediante certificado, no que conste que participou con aproveitamento ou que superou a correspondente proba de avaliación:*

*a) De 25 horas ou máis: 1,5 puntos por cada curso*



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*b) De 15 a 24 horas (ambas icluidas): 1,0 punto por cada curso*

*c) De 10 a 14 horas (ambas incluidas): 0,5 puntos por cada curso*

*d) Coñecemento do idioma galego: (puntuación: 10 puntos)*

*Os cursos de coñecemento do idioma galego avaliaranse do seguinte xeito:*

*Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 2,50 puntos.*

*Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 5 puntos.*

*Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior/CELGA 5: 10 puntos.*

*Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.*

*Acreditación de méritos de Formación: mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.*

***SÉTIMA. Listado de aprobados.***

*Concluída a valoración de méritos, o Tribunal publicará na páxina web da ELMB a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento do aspirante seleccionado.*

*Caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados coa ELMB mediante relación laboral de carácter temporal que estean ocupando a praza da que é obxecto esta convocatoria; de persistir empate terá preferencia o aspirante con maior puntuación no apartado 1.a); 1.b); 1.c) e 1.d), por esa orde de preferencia.*

***OITAVA. Presentación de documentación.***

*No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas a persoa aspirante seleccionada presentará no rexistro da ELMB os seguintes documentos:*

*a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

*b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.*

*As persoas candidatas que, dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas as actuacións sen prexuízo da responsabilidade que proceda.*

***NOVENA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.***



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*Con carácter previo á adxudicación do destino, a persoa seleccionada será sometida a recoñecemento médico aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o posto de traballo correspondente.*

*As persoas relacionadas coa ELM de Bembrive mediante unha relación laboral ou funcionarial de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal interino correspondente a praza convocada, sempre e cando a puntuación obtida no concurso sexa superior a 35,00 puntos.*

***DÉCIMA. Datos de carácter persoal.***

*A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web ou portal de transparencia da ELMB cando así o requira a tramitación do procedemento.*

***UNDÉCIMA. Recursos.***

*Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía Pedanía da ELMB no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a partires da mesma data, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.*

*Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía Pedanía da ELMB no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a partires da mesma data, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.*

***BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL VACANTE DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE ADSCRITA A PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE XORNADA COMPLETA E O GRUPO C, SUBGRUPO C1 COA***

***DENOMINACIÓN "ADMINISTRATIVO" INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.***

***PRIMEIRA. Denominación, sistema de selección, xornada, número de parazas e función.***

*● Denominación: Administrativo*

*● Sistema selectivo: Concurso*

*● Xornada: Completa*

*● Nº de prazas: 1*

*Características da praza: Enmarcada no grupo C1. As funcións do posto son as propias dun/dunha administrativo/a, entre outras, tarefas propias da praza ("Administrativo") as seguintes: atención e información ao público, elaboración e rexistro de comunicación, notificacións e outros documentos, xestión de correos electrónicos, tramitación de subvencións, xestión de web e sede electrónica e labor técnica de apoio á Alcaldía Pedanía e ás diferentes vocalías que o requiran.*

***SEGUNDA. Dotación económica.***

*As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións da Entidade Local Menor de Bembrive.*

***TERCEIRA. Requisitos esixidos.***

*Os requisitos que deberán reunir son os sinalados na base segunda das Bases Xerais:*

*a) Estar en posesión do título da titulación de bacharelato, formación profesional de segundo grao, técnico superior, ou equivalente.*

*b) As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes.*"

***SEGUNDO.-** Convocar procedemento para a selección de dito persoal de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade".*

*As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interponer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía-Pedanía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interponer no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu*



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

*domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.*
*No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o Texto Refundido das disposición legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

En Bembrive, a data de sinatura electrónica.

Asdo. A Alcaldesa-Pedánea.

OTERO CARRERA, PATRICIA (FIRMA)

Firmado digitalmente por OTERO CARRERA, PATRICIA (FIRMA)
Fecha: 2022.12.23 14:22:30 +01'00'



R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com